


AELG enxalza no seu calendario a Gimferrer, Villar Janeiro, Macías Pose e Mini e Mero



O poeta Pere Gimferrer

A **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)** vén de celebrar a súa **Asemblea Xeral**, que acordou outorgar a **Dolores Macías Pose**, e a **Mini e Mero** os galardóns que se entregarán na **I Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria** a celebrar en Lugo o 19 de marzo. Tamén escolleu o nome do **Escritor Galego Universal 2016**, distinción que se recollerá **Pere Gimferrer** na **I Gala do Libro Galego** que terá lugar o 14 de maio na cidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, acordouse que **Helena Villar Janeiro** sexa a próxima “**Escritora na súa Terra – Letra E**” e, por tanto, quen reciba unha homenaxe que este ano chega á súa vixésimo segunda edición. Será no mes de xuño no Concello de Rianxo.

Na asemblea da AELG aprobouse tamén o programa de actividades para o ano 2016, que inclúe como a máis próxima a celebración do vindeiro Día de Rosalía de Castro. O programa aposta por continuar

con actividades de traxectoria xa asentada e de alcance social como son os paseos literarios ou os obradoiros da Escola de Escritoras e Escritores; tamén a organización ou coorganización de xornadas de formación dirixidas ao estudo das diferentes formas de crear literatura contemporánea desde os espazos de formación de novos formadores/educadores/mediadores da lectura. Tamén se reforza o proxecto coordinado pola Sección de Literatura Oral coa celebración dunha Gala dos Premios Mestres e Mestras da Memoria e a través da celebración de novas polafías e dunha nova edición, a novena, da Xornada de literatura de tradición oral. Asemade, a visibilidade da escritora e do escritor a través da web continuará a ser un eixo central da actuación da entidade co enriquecemento do espazo común e mais de cada páxina individual con que cada socia e socio conta no Centro de Documentación da web da AELG.

Tamén se acordou a incorporación de tres novas vogalías ao Consello Directivo da AELG: as de Leticia Costas por Vigo; Ramiro Torres como responsábel de comunicación; e mais Afonso Becerra como vogal de literatura dramática.

Finalmente, anunciouse a creación dunha Sección de literatura dramática e confirmouse a participación activa da AELG na plataforma Seguir Creando.